

dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, e se convocan para 2008.*

O Regulamento (CE) Nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, sobre axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), co fin de aumentar a competitividade dos sectores da agricultura e silvicultura, considera necesario desenvolver estratexias de desenvolvemento destinadas a reforzar e adaptar o potencial humano e, polo tanto, ampliar o ámbito das actividades de formación, información e difusión de coñecementos a todas as persoas dedicadas a actividades agrícolas de produción de alimentos e forestais. Así mesmo, considera preciso ofrecer novas posibilidades de comercialización dos produtos agrícolas e forestais, pondo énfase na calidade, centrándose nas pequenas e medianas empresas por seren as máis aptas para fornecer o valor acrescentado aos produtos locais. Neste sentido, entre as medidas do eixe 1, en favor da competitividade do sector agrícola e forestal, o artigo 20 inclúe o apoio ás agrupacións de produtores en materia de desenvolvemento de actividades de información e promoción de produtos no marco de programas relativos á calidade dos alimentos. Por outra parte, o artigo 35 do citado regulamento concreta o destino das axudas previstas no artigo 20 no fomento da constitución de agrupacións de produtores co fin de adaptar a súa produción e rendemento ás necesidades do mercado, na comercialización conxunta dos produtos e no establecemento de normas comúns relativas á información sobre a produción.

A Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece, no preámbulo, a importancia destas na estrutura socioeconómica e pretende reforzar o seu carácter empresarial co obxecto de potenciar a súa intervención competitiva no mercado, enten-

déndooas como instrumentos eficaces para a creación de riqueza e xeración de emprego nos seus aspectos cuantitativos e cualitativos, cunha función de destacada importancia na redistribución de recursos, así como na prestación de servizos de natureza social.

Neste cadro normativo, a modernización das cooperativas e das entidades asociativas agrarias require mellorar a formación dos seus socios e dos seus traballadores para perfeccionar a xestión e a calidade dos servizos prestados, e contribuír á difusión das innovacións técnicas e á súa adopción.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, pola Lei 12/1989, do 4 de outubro, e pola Lei 7/2002, do 27 de decembro,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e efectuar a convocatoria para 2008 de subvencións destinadas a financiar accións formativas e de transferencia tecnolóxica realizadas por entidades asociativas do sector agroforestal da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e dirixidas ás persoas asociadas, aos directivos e ao persoal das ditas entidades.

#### Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta orde as sociedades cooperativas agrarias, as de explotación comunitaria da terra, as sociedades agrarias de transformación, as asociacións de cooperativas e as de produtores radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 3º.-*Actividades subvencionables.*

1. As actividades subvencionables ao abeiro desta orde consistirán en cursos de formación e actualización profesional cuxa temática non sexa coincidente coa programación formativa da Consellería do Medio Rural no mesmo ámbito territorial ou administrativo, e actividades de transferencia de tecnoloxía.

2. Os cursos de formación terán unha duración mínima de 20 horas lectivas e o número de alumnos non poderá ser inferior a 15 asistentes nin superior a 30. Poderán comprender unha viaxe didáctica relacionada co seu obxecto.

3. As actividades de transferencia de tecnoloxía poderán consistir en xornadas técnicas, seminarios ou demostracións. Terán unha duración non inferior a catro horas, un número mínimo de asistentes de 15 e estarán vinculadas, preferentemente, coas activi-

dades que se desenvolven nos centros de investigación e experimentación da Consellaría do Medio Rural.

4. A temática das actividades subvencionables versará, preferentemente, sobre as seguintes materias:

- a) Xestión empresarial e comercial.
- b) Uso das tecnoloxías de información e comunicación.
- c) Novas alternativas produtivas e certificacións de calidade no marco das producións de calidade diferenciada.
- d) Produción agraria sustentable, agricultura ecolóxica e produción integrada.
- e) Conservación de recursos fitoxenéticos autóctonos.
- f) Incorporación de tecnoloxías innovadoras aos procesos de produción e transformación.
- g) Fontes renovables de enerxía de uso agrario e biocombustibles.
- h) Ordenación do espazo agroforestal e mobilización de terras agrarias.

5. De acordo co previsto no artigo 5.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, nas accións formativas reguladas por esta orde, así como na documentación escrita, material didáctico, publicidade e difusión delas empregárase de xeito preferente a lingua galega.

#### Artigo 4º.-*Contía das axudas.*

1. A subvención total máxima por curso de formación será de 6.000 euros que se poderá elevar ata 9.000 euros/curso no caso de que este inclúa unha viaxe didáctica.

2. Nas actividades de transferencia de tecnoloxía, a subvención máxima por acción será de 2.000 euros para xornadas técnicas e de 3.000 euros para seminarios e demostracións.

3. Estas axudas son incompatibles con calquera outra que poida ser solicitada ou concedida por outro organismo público ou privado, destinada a estas mesmas accións formativas.

4. A contía da subvención que se vai conceder, dentro das disponibilidades orzamentarias, poderá alcanzar o 100 % do orzamento das actuacións, sen superar en ningún caso as contías máximas que se especifican nos números 1 e 2.

#### Artigo 5º.-*Financiamento.*

As axudas económicas reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria

11.05.422L.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e por un importe máximo de trescentos setenta e cinco mil euros (375.000 euros), dos que douscentos quince mil oitocentos cincuenta euros (215.850 euros) son financiados polo Feader.

#### Artigo 6º.-*Gastos subvencionables das actividades.*

1. Serán gastos subvencionables os que a continuación se relacionan:

- a) Gastos de profesorado.
  - b) Gastos de seguros de accidentes do alumnado e, de ser o caso, importe da póliza de responsabilidade civil para afrontar os riscos que para os bens ou persoas poidan derivar da realización das actividades formativas. Así mesmo, poderán incluírse como subvencionables os seguros que sexan necesarios para cubrir posibles contingencias derivadas das actividades didácticas do profesorado, para o suposto de que tales contingencias non estean recollidas por ningunha relación de aseguramento.
  - c) Gastos en medios e material didáctico, textos e materiais dun só uso para o alumnado, así como o material fungible empregado durante as actividades.
  - d) Gastos de enerxía eléctrica, combustible, mantemento das instalacións e equipamentos formativos.
  - e) Gastos de transporte e aloxamento motivados pola realización de viaxes didácticas previstas no programa do curso ou da actividade formativa.
  - f) Gastos derivados do pagamento de entradas, guía e intérprete no caso de que a visita didáctica orixínase ese tipo de gasto.
  - g) Gastos de alugamento de instalacións e de maquinaria requiridos polo desenvolvemento da actividade.
  - h) Gastos de limpeza do lugar ou lugares da realización das actividades.
  - i) Gasto de publicidade da actividade.
  - k) O IVE no caso de que sexa real e definitivamente soportado polo beneficiario e, por tanto, non recuperable.
2. En ningún caso serán subvencionables os gastos de transporte e mantención do alumnado pola asistencia ás actividades formativas.

#### Artigo 7º.-*Solicitudes.*

1. As entidades que, reunindo os requisitos sinalados nesta orde, desexen realizar as actividades descritas no artigo 2º, deberán formalizar a correspondente solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo I.

2. A solicitude será subscrita polo representante legal das entidades e xuntaráse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia dos estatutos sociais.
- b) Documentación acreditativa da representatividade suficiente para asinar a solicitude.
- c) Fotocopia do documento de identidade do representante.
- d) Fotocopia do CIF da entidade.
- e) Declaración do responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Ficha de cada actividade solicitada, segundo o modelo que figura no anexo II desta orde, debidamente cuberta.
- g) Os solicitantes deberán estar ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, e autorizar a súa comprobación mediante o modelo que se xunta como anexo III ou presentando a documentación correspondente.
- h) Certificación da entidade bancaria, que acredite a existencia da conta a nome da asociación ou entidade solicitante.
- i) Copia cotexada da póliza de seguro de responsabilidade civil referente ás dependencias onde se realizarán as actividades, se é o caso, ou no seu defecto, compromiso de subscribir unha póliza de seguro de accidentes persoais que cubra a totalidade do alumnado asistente.

Deberá incluírse, se é o caso, documentación acreditativa da relación de aseguramento do profesorado.

j) Persoal técnico responsable da acción que se vai realizar. No caso das accións formativas e de divulgación e información, cadro do profesorado ou relatores que as vaian impartir, acompañado de copia compulsada do título académico, *curriculum vitae* e relación das materias que vai impartir cada un.

3. As solicitudes presentaranse preferentemente no rexistro da Consellería do Medio Rural, en calquera das súas dependencias provinciais e oficinas agrarias ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e irán dirixidas ao conselleiro do Medio Rural.

4. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil

entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

5. Se a documentación achegada estivese incompleta, requirirase o solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles, que comezará a contar o día seguinte ao de recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se non o fixese, terase por desistido da súa petición, e procederase ao arquivo das actuacións despois da notificación da resolución en tal sentido, de acordo co establecido nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 8º.-Tramitación.

1. As solicitudes presentadas coa documentación correspondente remitiranse no seu prazo á Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

2. Para a análise e valoración das solicitudes constituirase unha comisión de avaliación, que será encargada de realizar o informe para que o director xeral formule a proposta de resolución que elevará ao conselleiro do Medio Rural.

3. A comisión de avaliación estará presidida polo subdirector xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica e dela tamén formarán parte: como secretario, un funcionario do Servizo de Formación Agroforestal, e, como vogais, o xefe do Servizo de Formación Agroforestal, o xefe do Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións e un funcionario deste mesmo servizo. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos seus integrantes non puidese asistir, será substituído polo funcionario que para o efecto designe o director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

4. A comisión de avaliación valorará as solicitudes de acordo cos seguintes criterios:

a) Calidade do proxecto exposto na memoria en que se detalla o programa da actividade en función dos obxectivos perseguidos: ata 40 puntos.

b) Interese dos obxectivos que se perseguen coa actividade e da súa adaptación ás prioridades temáticas establecidas no artigo 4: ata 10 puntos.

c) Carácter innovador das actuacións que se van desenvolver: ata 10 puntos.

d) Solvencia técnica, determinada en función da experiencia acreditada pola entidade na realización

de programas formativos ou de transferencia tecnolóxica: ata 10 puntos.

e) Desenvolvemento das accións en zonas de montaña ou desfavorecidas: 5 puntos.

f) Actividade dirixida fundamentalmente a mulleires: 5 puntos.

g) Actividade dirixida fundamentalmente a titulares e cotitulares de explotación: 5 puntos.

5. As solicitudes que non alcancen un mínimo de 20 puntos na alínea a) que valora a calidade do proxecto serán excluídas.

6. Para determinar a contía das axudas, a comisión poderá aplicar factores de redución sobre as cantidades solicitadas, en función dos gastos realmente subvencionables, da puntuación obtida na avaliación e do orzamento total dispoñible.

#### Artigo 9º.-*Resolución e notificación.*

1. A resolución de concesión das axudas corresponderalle ao conselleiro do Medio Rural e será notificada aos beneficiarios de forma individualizada de acordo co previsto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo da publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas, de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As solicitudes entenderanse denegadas se non se ditase resolución expresa no prazo de catro meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso.

#### Artigo 10º.-*Recursos contra a resolución.*

As resolucións ditadas en aplicación desta orde poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor:

1. Potestativamente, recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se o acto fose expreso, e de tres meses en caso de acto presunto, perante o conselleiro do Medio Rural, de conformidade co disposto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións

públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.

#### Artigo 11º.-*Modificación da resolución e reintegro das subvencións.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Procederá o reintegro total ou parcial da contía da subvención percibida xunto cos xuros de demora producidos desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A tramitación do correspondente expediente de reintegro realizarase de acordo co procedemento establecido no capítulo II do título II (artigo 37 e seguintes) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

4. As infraccións dos beneficiarios rexeranse polo establecido no título IV da Lei 9/2007.

#### Artigo 12º.-*Obrigas das entidades beneficiarias.*

1. As entidades beneficiarias das axudas deberán cumprir as seguintes obrigas xerais:

a) Facer constar en todos os documentos e publicidade da actividade o anagrama da Xunta de Galicia e do Feader. Así mesmo, no desenvolvemento da devandita actividade, infórmanse os participantes de que está financiada pola Consellería do Medio Rural e polo Feader.

b) Comunicarlle á Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar o desenvolvemento da actividade.

c) Someterse ás actuacións de supervisión e control que en calquera momento poidan acordar os servizos competentes da Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, tanto no relativo ao desenvolvemento da actividade como á súa xestión e tramitación administrativa.

d) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas ou polos órganos comunitarios de control no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos.

2. Antes do inicio das actividades formativas, as entidades beneficiarias remitiranlle á Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal da Consellería do Medio Rural unha comunicación na que se consignen os seguintes datos:

a) Planificación temporal e horaria do programa das actividades que se vaian realizar, datas exactas de inicio e remate e enderezo completo do lugar en que se desenvolverán.

b) A confirmación do persoal técnico que vai impartir a actividade.

c) Datos persoais, enderezo e teléfono da persoa responsable da coordinación e xestión directa da actividade.

d) Solicitudes dos alumnos, cubertas por eles, segundo o modelo que se xunta como anexo IV e relación definitiva dos alumnos inscritos, cos seus datos persoais, enderezo e número de teléfono segundo o modelo que se poderá obter a través da internet no enderezo: <http://mediorural.xunta.es>.

3. Ao rematar a actividade formativa, as entidades beneficiarias terán a obriga de remitirle á Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal a seguinte documentación:

a) Xustificantes detallados do gasto segundo se indica no artigo 13º.

b) Copia dos controis de presenza nas horas lectivas dos asistentes, segundo o modelo que se poderá obter a través da internet no enderezo: <http://mediorural.xunta.es>, aos cales se lles unirá certificación do coordinador da acción relativa á veracidade dos datos consignados.

c) Un exemplar da publicidade empregada no curso cos anagramas correspondentes de cada publicación que se realice e do material didáctico utilizado ou distribuído entre os asistentes.

d) Impreso do Feader para o seguimento das actuacións, que se facilitará aos beneficiarios xunto coa resolución, debidamente cuberto.

#### Artigo 13º.-*Controis administrativos e in situ.*

1. O cumprimento de todos os compromisos contraídos e das obrigas legais estará sometido a control. As actividades de control consistirán tanto en controis administrativos como en inspeccións *in situ*, segundo o Regulamento CE 1975/2006, do 7 de decembro.

2. O expediente correspondente a cada beneficiario das axudas conterá toda a información relativa aos resultados dos controis administrativos e, se é o caso, dos controis *in situ* que xustifiquen que a concesión destas axudas se axustou ao que establece a normativa comunitaria que os regula.

#### Artigo 14º.-*Xustificación e pagamento das subvencións.*

1. Para a xustificación e pagamento das subvencións procederase conforme o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Con carácter xeral, a certificación e xustificación da axuda de cada unha das actividades realizarase dentro dos quince días seguintes á súa finalización e antes do 30 de novembro de 2008.

3. A certificación e xustificación da axuda para cada tipo de gasto subvencionable realizarase de acordo coas seguintes normas:

a) Relación de recibos ou facturas orixinais correspondentes aos gastos de profesorado acompañadas da fotocopia do xustificante de ingreso ou transferencia bancaria na conta de cada receptor. Ao confectionar o recibo terase en conta a retención aplicable no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

b) Facturas orixinais xustificativas dos gastos realizados co IVE desagregado. Xunto coas facturas, presentaranse os seus correspondentes xustificantes de pagamento.

4. No momento da xustificación final do gasto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das subvencións solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como doutros entes públicos ou privados, tanto das aprobadas e concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo obxecto que corresponde ás subvencións reguladas nesta orde.

#### *Disposición adicional*

En todo o non previsto nesta orde observarase o sinalado na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, en todo o que non se opoña á citada lei, así como o disposto no Regulamento (CE) 1698/2005, do Feader e nos regulamentos (CE) 1974/2005 e 1975/2005.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal para ditar as normas necesarias para a correcta interpretación, aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2008.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural



ANEXO I



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR330B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME DA ENTIDADE		CIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
Nº DE SOCIOS	OBXECTO SOCIAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENDEREZO		PROVINCIA
<input type="text"/>		<input type="text"/>
		CONCELLO
		<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>		

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**E na súa representación:**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CARGO NA ENTIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**RELACIÓN DE ACTIVIDADES SOLICITADAS**

<input type="text"/>
----------------------

**CARACTERÍSTICAS DA ENTIDADE ASOCIATIVA**

<p><b>Tipo de entidade asociativa:</b></p> <p><input type="checkbox"/> Cooperativa</p> <p><input type="checkbox"/> SAT</p> <p><input type="checkbox"/> Asociación de cooperativas</p> <p><input type="checkbox"/> Outras</p>	<p>Breve descrición da <b>viaxe formativa</b>, en caso de incluíla:</p> <div style="border: 1px solid black; height: 100px; width: 100%;"></div>
--	--

LEXISLACIÓN APLICABLE  
*Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, e se convocan para 2008.*

Autorizo a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso, tal como establece a disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación de rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

*Lugar e data*

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
<input type="text"/>	_____
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
<input type="text"/>	___/___/___
	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
	DATA DE SAÍDA
	___/___/___

## ANEXO II

## FICHA TÉCNICA DA ACTIVIDADE

<b>Tipo de actividade:</b> <input type="checkbox"/> CURSO DE FORMACIÓN <input type="checkbox"/> CURSO DE FORMACIÓN E VIAXE DIDÁCTICA <input type="checkbox"/> ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN <input type="checkbox"/> PROXECTOS DEMOSTRATIVOS
<b>Título:</b> <input type="text"/>
<b>Obxectivos:</b> <input type="text"/>
<b>Colectivo a que vai dirixida a actividade e criterios de selección:</b> <input type="text"/>
<b>Orzamento:</b> <input type="text"/>
<b>Experiencia da entidade en actividades similares:</b> <input type="text"/>
<b>Resumo do programa:</b> <input type="text"/>

## ANEXO III

**AUTORIZACIÓN Á CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA QUE VERIFIQUE QUE O/A SOLICITANTE SE ATOPA AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS**

NOME DA ENTIDADE <input type="text"/>	CIF <input type="text"/>
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>

## AUTORIZO

A Consellería do Medio Rural para que, conforme o disposto nos artigos 11 e) e 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, solicite as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellaría de Economía e Facenda para verificar que o solicitante se encontra ao no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

Lugar e data

, de

---

 SINATURA DO/A REPRESENTANTE E SELO DA EMPRESA

ANEXO IV

SOLICITUDE DE ASISTENCIA Á ACCIÓN FORMATIVA

I.- DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE			
APELIDOS E NOME		NIF	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

II.- ACCIÓN FORMATIVA SOLICITADA	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	
ENTIDADE ORGANIZADORA	
LUGAR DE REALIZACIÓN	
DATA DE REALIZACIÓN De _____ a _____	

III.- TEN SOLICITADA AXUDA POR INCORPORACIÓN OU MELLORA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
--

IV.- NIVEL DE ESTUDOS
<input type="checkbox"/> SEN ESTUDOS
<input type="checkbox"/> ESTUDOS PRIMARIOS
<input type="checkbox"/> SECUNDARIA OBRIGATORIA
<input type="checkbox"/> BACHARELATO
<input type="checkbox"/> FP DA FAMILIA AGRARIA
<input type="checkbox"/> UNIVERSITARIA

V.- SITUACIÓN LABORAL
<input type="checkbox"/> OCUPADO
<input type="checkbox"/> PARADO <input type="checkbox"/> MÁIS DUN ANO <input type="checkbox"/> MENOS DUN ANO
<input type="checkbox"/> OUTROS

VI.- ACTIVIDADE
<input type="checkbox"/> AGRARIA
<input type="checkbox"/> ALIMENTARIA
<input type="checkbox"/> FORESTAL

VII.- OUTROS
<input type="checkbox"/> DISCAPACITADO Grao: _____
<input type="checkbox"/> INMIGRANTE País de orixe: _____

Lugar e data
_____, de _____ de _____
Asdo.: _____